

Misión, visión e valores 102-16

A nosa misión

O frecer á sociedade bens e servizos que melloren a calidade de vida, a saúde e o benestar dos consumidores e consumidoras nas mellores condicións de calidade, información e prezo, co compromiso de fomentar a práctica dun consumo sostible.

A nosa visión

1 Integrar as necesidades e demandas dos consumidores na nosa estratexia comercial para facer que as nosas tendas sexan as súas preferidas.

2 Poñer aos traballadores e traballadoras no centro da nosa actividade: buscamos xerar emprego sostible e de calidade.

3 Traballar para obter uns beneficios que nos permitan xerar máis riqueza e distribuila de forma solidaria.

4 Integrar na estratexia un firme compromiso coa saúde, o benestar e o desenvolvemento sostible da sociedade. Con iso buscamos:

- Achegar solucións satisfactorias á clientela mediante a innovación permanente.
- Crear un proxecto e un modelo de empresa integradora de persoas.
- Promover o desenvolvemento persoal e profesional dos nosos recursos humanos.
- Alcanzar posicións de liderado no mercado español.
- Obter beneficios que posibiliten un crecemento xerador de riqueza.
- Potenciar a economía da contorna na que operamos, traballando con fornecedores locais.
- Comprometérmonos coa defensa dos consumidores e consumidoras.
- Promover o respecto e a xestión favorables ao ambiente.
- Contribuír á mellora da comunidade na que actuamos.

Os nosos valores

En EROSKI, cinco valores definen o noso proxecto empresarial e a maneira de nos relacionarnos coas persoas e coa contorna na que desenvolvemos a nosa actividade:

Cooperación

Os traballadores e traballadoras son protagonistas en EROSKI, non só na cooperativa, onde son tamén propietarios, senón tamén en todas as sociedades, a través do seu compromiso coa organización.

Participación

Incorporamos a opinión dos consumidores na nosa estratexia a través da súa participación na cooperativa e da escoita activa aos nosos clientes.

Responsabilidade social

Contribuímos ao benestar da comunidade na que actuamos, incidindo no seu desenvolvemento social, cultural e económico mediante a distribución solidaria da riqueza.

Innovación

Creemos que a renovación permanente en calquera eido da nosa actuación é necesaria para o progreso empresarial e para nos adaptarnos ás expectativas que a nosa actividade xera na sociedade e nos consumidores.

Compromiso

Integramos no noso día a día a defensa da saúde e a seguridade dos consumidores a través dunha oferta de produtos sans, seguros e saudables, mediante unha información transparente, útil e completa. Ao mesmo tempo, traballamos para reducir os impactos ambientais negativos que xera a nosa actividade.